

A Asociación de Escritores en Lingua Galega premia á lucense Helena Villar Janeiro

O organismo tamén outorgará a Dolores Macías Pose e a Mini e Mero os Premios Mestres e Mestras da Memoria



Helena Villar Janeiro nunha foto de arquivo. AEP

sábado 13 de Febreiro de 2016 | EP

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) outorgará a Letra E á poetisa e narradora Helena Villar Janeiro, natural de Becerreá (Lugo). O premio seralle entregado o próximo mes de xuño no Concello de Rianxo (A Coruña).

En concreto, a AELG tomou esta decisión este sábado na súa asemblea xeral de socios, na que tamén acordou outorgar a Dolores Macías Pose e a Mini e Mero os Premios Mestres e Mestras da Memoria, que se celebrarán en Lugo o 19 de marzo.

Así mesmo, tamén decidiron quen será o Escritor Galego Universal 2016, que será Pere Gimferrer. O premio será entregado na I Gala do Libro Galego, que terá lugar o 14 de maio na cidade de Santiago de Compostela.

De igual modo, tamén se acordou a incorporación de tres novas vocalías ao Consello Directivo da AELG, as de Leticia Costas por Vigo; Ramiro Torres como responsable de comunicación e Afonso Becerra como vocal de literatura